



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2019/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de abril de 2019
Duración	Desde as 20:05 ata as 21:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA: «Decreto nº 2019/0582»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión de data 1 de abril de 2019

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

O Pleno da Corporación de Cangas aproba por unanimidade dos presentes a acta do Pleno celebrado o 1 de abril de 2019.

Expediente 2356/2019.Proposta Adhesión ao pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.04.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía, presentada o día 14.04.2019, relativa á adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, que é como segue:

"A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar

Concello de Cangas



ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE, para reducir as emisións de CO₂ a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos desde a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE), para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;*
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;*

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos sinatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como, un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía é o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático,



decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, alomenos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto e estean todos os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Cangas o noso compromiso esixe:

1.- Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.*
- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;*

2.- Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3.- A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- Compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.*
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos 'prosumers' e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*

4.- Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, 'non regresivas'.

5.- A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6.- Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste o alcalde desta Corporación comprométome a:

1.- Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en alomenos un 40 por cento ata 2030, mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2.- Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3.- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático, como base para o Plan de Acción para o



Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4.- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos, a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

5.- Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do plan.

6.- Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

7.- Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

8.- Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9.- Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Deste xeito, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

- A adhesión do Concello de Cangas ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar ao Alcalde de Cangas a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outra actuación que requira a súa execución".

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: pregunta os motivos polos que se volve a traer este punto a sesión plenaria toda vez que xa constaba a aprobación dunha moción presentada polo Partido Popular.

O Sr. secretario expón que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda esixe este modelo de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 2361/2019. Proposta apoio “Nove Olas, xestión e proxecto para Humanización do Peirao de Cangas”



Concello de Cangas

Non hai acordo

Motivo: Retirada da orde do día.

A presidenta propón a retirada da orde do día do punto ao non estar presente o proponente da moción.

VOTACIÓN E ACORDO:

A prol: 9 (4 do BNG, 3 de ASPUN, 2 de ACE e 1 do PSOE).

Abstencións: 9 (7 do Partido Popular, 1 de ACE (Sr. Abalo Costa) e 1 de Cangas Decide)..

En contra: 0.

Polo tanto o Pleno, por maioría de votos, acorda retirar este asunto da orde do día.

Expediente 934/2019. Moción do Psoe s/aprobación da planificación da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade Municipal, durante o presente mandato 2015-2019 e acordo plenario febreiro-2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.04.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción presentada polo grupo municipal do PSOE o día 17.04.2019, relativa á aprobación da planificación da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade Municipal, durante o presente mandato 2015-2019 e acordo plenario febreiro-2019, e das propostas dos concelleiros, que son como seguen:

"Expediente 934/2019: planificación das concellerías

PROPOSTA DO CONCELLEIRO

Considerando o acordo plenario de data 22 de febreiro de 2019, elévase a presente proposta de acordo, achegada da documentación requirida, ao Pleno da Corporación.

PRIMEIRO.- Debate e, se procede, aprobación da planificación da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade Municipal, durante o presente mandato 2015-2019".

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA

Considerando o acordo plenario de data 22 de febreiro de 2019 elévase a presente proposta de acordo, achegada da documentación requirida, ao Pleno da Corporación.

PRIMEIRO.- Debate e, se procede, aprobación da planificación da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, durante o presente mandato 2015-2019".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: expón a súa proposta.

Sr. Iglesias Santos: sinala que resulta novedoso que despois de 4 anos solicitando que se traia esta proposta para poder debater a xestión realizada. Recoñece o feito de traer o documento pero resulta escaso e falta de concreción. Sinala o exceso de traballo de oficina pero falta o traballo de campo e vota en falta unha planificación anual e a determinación de obxectivos iniciais.

Sr. Gestido Porto: sinala que serán os cidadáns os que decidan sobre a xestión da concellería.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que antes xa existían subvencións, talleres..., e que non se xustifica ese incremento de gasto. Considera que non se fixo nada, fixéronse varias xuntanzas pero non se fixo nada para ataxar as queixas nos diferentes servizos ou evitar a perda na concesión de subvencións. Sinala que non existe autocrítica por parte do goberno.

Sr. Hermelo Álvarez: expón contestando ao Sr. Iglesias Santos que entregou unha planificación no ano 2016, pero a carga de traballo é moi alta. Sinala que se intentou remarcar as actuacións que se incorporaron durante a lexislatura e que existe certo traballo de campo e que se buscaba presentar o traballo realizado. En relación ao sinalado pola Sra. Hermelo Piñeiro, expón que se ben é certo que se perdeu unha subvención, cómpre sinalar que existe equilibrio entre os gastos e os ingresos e que actualmente o servizo se presta dun xeito regular mediante funcionarias interinas asumindo o Concello o gasto. Finalmente recoñece que na área sanitaria e unha área na que menos se pudo facer por temas competenciais e de persoal.

Sr. Iglesias Santos: Expón que se trata dun traballo aceptable pero que vota en falta unha planificación anual.

Sra. Vizoso Marcos: expón a súa proposta.

Sr. Iglesias Santos: sinala que unha das claves da falta de tempo é o propio labor administrativo que fan os representantes municipais. Expón que sería importante facer un seguimento dos alumnos e a súa evolución posterior. Sinala que espera que este tipo de traballos se realicen asiduamente no futuro para unha mellor avaliación da concellería.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que na formación para o emprego perdeuse a realización dun curso. No tocante ao viveiro de empresas tiveron que publicarse as bases de novo. Expón que no tema de mercado cómpre sinalar que existe unha desvalorización desta e seguen existindo estas ou mais necesidades que anteriormente. Expón que se fixo pouco ou nada neste ámbito e considera de vital importancia alcanzar consensos coa xente da praza e que dada a mala xestión a praza perde o potencial que ten.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que se fixo o investimento no arranxo da cuberta da praza e que se continúa a traballar na praza de abastos e se buscará a obtención do selo de Mercados Excelentes. Expón que na mesa local de comercio se entregou copia do borrador da ordenanza.

Sr. Gestido Porto: expón que considera unha falta de respecto para os vendedores ambulantes querer modificar a normativa.

Sr. Iglesias Santos: sinala que chama a atención no tocante o viveiro de empresas que só



existan dúas empresas interesadas. No tocante á praza de abastos, se sumamos todos os gastos, suman 180 mil euros, hai que ver se se non se acude a convocatoria de prazas haberá que determinar a que se debe. Finalmente no tocante a venta ambulante recalca que resulta unha competencia exclusiva do Concello.

Sra. Vizoso Marcos: expón que xa na mesa local de comercio de febreiro se traslada que o Concello de Cangas está a traballar nunha nova ordenanza, pero debe ser agora cando se ten que alcanzar un consenso no texto desta. Finalmente sinala que a primeira vez que se convocou o viveiro de empresas quedou deserto e que seguramente existe un problema nesta cuestión. Finalmente expón que respecto os postos vacantes da praza de abastos habería que revitalizar a praza buscando modificación nos prazos de concesión.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO CONCELLEIRO

A prol: 10 (4 do BNG, 3 de ACE e 3 de ASPUN).

Abstencións: 9 (7 do Partido Popular, 1 do PSOE e 1 de Cangas Decide).

VOTACIÓN DA PROPOSTA DA CONCELLEIRA

A prol: 10 (4 do BNG, 3 de ACE e 3 de Aspun).

Abstencións: 9 (7 do Partido Popular, 1 do PSOE e 1 de Cangas Decide).

En contra: 0.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integralmente as propostas transcritas anteriormente.

Expediente 1593/2019 Moción do PSOE s/planificación de persoal e seguridade e acordo lenario marzo-2019

Non hai acordo

Motivo: Retirada da orde do día.

A Presidenta propón a retirada da orde do día do punto ao non estar presente o proponente da moción.

Incidencias: antes da votación o Sr. Iglesias Santos agradece a confianza que no seu día depositaron os electores do PSOE na súa persona, pero tamén os asistentes asiduos ao salón de Plenos pola súa paciencia e comprensión e dirixíndose o resto de concelleiros expón que foi todo un honor ter compartido estes catro anos intensos, non exentos de críticas e posicionamentos distintos con todos os concelleiros.

VOTACIÓN E ACORDO:

A prol: 10 (4 do BNG, 3 de ACE e 3 de ASPUN).

Abstencións: 9 (7 do Partido Popular, 1 do PSOE e 1 de Cangas Decide).



En contra: 0.

Polo tanto, o Concello Pleno, por maioría de votos, acorda retirar o asunto da orde do día.

Expediente 2337/2019. Moción do grupo municipal do PP s/o arranxo de vieiros municipais

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dase conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.04.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción presentada polo grupo municipal do PP o día 10.04.2019, relativa ao arranxo de vieiros municipais, que é como segue:

"María Dolores Hermelo Piñeiro, como membro do grupo municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte MOCION:

Todos sabemos que o noso concello está composto por varias parroquias, nesas parroquias a veciñanza pagan tamén os seus impostos, impostos que deberían repercutir no seu día a día, e isto se consegue mantendo os servizos e na medida que se poida incluso melloralos.

As nosas parroquias non están sendo mantidas, non podemos falar de mobilidade e ter os nosos vieiros e beirarrúas como os temos, non podemos falar de accesibilidade cando non nos preocupamos que esa accesibilidade chegue a toda o nosa veciñanza.

Estamos a piques de comezar a tempada de verán, e se neste momento os nosos vieiros en Darbo, Coiro, Aldán e o Hío, están en pésimas condicións, cando remate a tempada teremos que ir polo aire, xa que non quedará asfalto sobre o que pisar.

Temos beirarrúas deteriorados, sen podar, temos espellos de seguridade sen repoñer, estos son elementos de seguridade que non podemos obviar.

Tendo en conta todo isto, e coñecendo o estado lamentable no que se atopan moitos destes camiños, rúas, travesías, carreteras, etc. Pedimos que a maiores de por badéns, quitar badéns; pintar, repintar; poner slurry e quitar slurry; a maiores de todo isto fagan caso das reclamacións das asociación de veciños e traballen para todos eles.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Que se teñan en conta todas as solicitudes e tras un estudo destas, se procedan a arranxar todos os vieiros municipais que o precisen seguindo un plan de actuación en función das demandas veciñais".

DELIBERACIÓNS:

Sra. Hermelo Piñeiro: expón a moción.

Sra. Giráldez Santos: expón que a concellería está recibir todos os días avisos que tal e como



chegan van a un libro de rexistros e se actúa en función das necesidades e posibilidades que existen. Sinala que se separan por parroquias e se fan visitas diarias e se determinan as actuacións prioritarias. Expón que é a oficina técnica a que recolle esa información e son os técnicos os que determinan as prioridades. Finalmente expón que proximamente presentará un informe nesta materia.

Sr. Iglesias Santos: expón que os técnicos non se presentan as eleccións, pero a xestión depende de vontade política e entende que 50 solicitudes por parroquia son moitas solicitudes.

Sr. Abalo Costa: sinala que o sistema viario foi un sistema caciqueado polas administracións e clientelar.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que o seu partido votará en contra da moción xa que lle consta o traballo feito na concellería.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que parece ser que os vieiros das parroquias están todos en perfecto estado. Expón que cada grupo trae as mocións que quere e estamos a falar de vieiros municipais e que polo tanto o carácter caciquil está tirando pedras contra o seu goberno. Solicita que se faga unha planificación e que se atenda a criterios de urxencia e que esta é unha proposta para as parroquias.

Sra. Giraldez Santos: expón que no tocante ao tema caciquil, cómpre sinalar que a utilización da maquinaria non fai tanto tempo se utilizaba de xeito caciquil. Expón que os vieiros sufren un desgaste que hai que atender repartindo os cartos por parroquia. Considera extemporáneo e electoralista esta moción neste momento.

Sr. Iglesias Santos: expón que a moción é inócua para o goberno municipal e busca o beneficio de toda a veciñanza.

Sr. Hermelo Piñeiro: sinala que interpretou o tema caciquil do Sr. Abalo e que lle gustaría saber de qué formación é o edil que se encarga do arranxo de vieiros e maquinaria da Deputación. O certo é que deberá atenderse a todas as solicitudes e sempre se distribuíron os cartos por parroquias. Finalmente expón que como afectada en catro anos ninguén lle fixo caso.

VOTACIÓN E ACORDO:

A favor: 8 (7 do Partido Popular e 1 do PSOE).

Abstencións: 0.

En contra: 10 (4 do BNG, 3 de ACE e 3 de ASPUN).

Ausente: 1 (1 de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2336/2019. Moción Grupo Municipal PP s/ que no avance do PXOM figure o trazado da variante de Cangas

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria



A favor: 7, En contra: 10, Abstencións: 1, Ausentes: 1

Dase conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.04.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción presentada polo grupo municipal do PP o día 15.04.2019, relativa á petición de que no avance do PXOM figure o trazado da variante de Cangas, que é como segue:

"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Un dos temas en que coincidimos todas forzas políticas presentes na Corporación de Cangas é na necesidade de que se constrúa a variante de Cangas. O anteproxecto desta obra, estivo a exposición pública e por acordo unánime de toda a Corporación foron efectuadas alegacións que posteriormente se incluírían nun anteproxecto definitivo. O 9 de Marzo do 2015 licítase por importe cento cinco mil oitocentos un euros con tres céntimos (105.801,03 €), a redación do proxecto do 1º tramo. Desde entón como sempre titulares e poucos feitos.

Desde o noso punto de vista, aínda que tarde nos parece ben que se reivindique esta infraestrutura pero esiximos que se manteña o acordo unánime deste Pleno. Non entendemos que nese borrador do avance do PXOM que circula por certos foros de Cangas, se pretenda modificar o trazado eliminando a conexión coa Avda. de Marín ou que se modifique a conexión coa PO-551, o cal ademais do lado escuro que leva modificar sen argumentos técnicos un trazado aprobado nas vixentes NN.SS. do 94, implicaría a imposibilidade legal da execución deste proxecto tan necesario para Cangas ata a aprobación definitiva do PXOM.

Desde o PP de Cangas esiximos que se faga a variante pois entendemos que no ano en que estamos, un pobo de mais de 26.000 habitantes, que se doblan nos meses de verán non pode ter unha sola vía de acceso que ademais pasa polo centro do pobo.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que no avance do PXOM figure o trazado da variante de Cangas co mesmo trazado aprobado nas NN.SS., en vigor cos condicionantes aprobados por unanimidade por este Pleno".

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: expón que o equipo redactor presentará o documento que estime pertinente e o Pleno aprobará o avance do PXOM e cada grupo ou colectivo realizará as alegacións oportunas. Expón que procede esperar o que se presente no seu momento.

Sr. Abalo Costa: sinala que a Xunta ten este proxecto parado e sinala que non se levará nada a Santiago que non sexa previamente debatido e considera que non e o momento oportuno para condicionar o plan xeral.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que non están a favor desta proposta xa que transcorridos 25 anos desde a construción da variante xa que é un condicionante demasiado grande para o PXOM.



Sr. Iglesias Santos: sinala que coincide co sinalado polo Sr. Hermelo Álvarez xa que hai que deixar manobra ó equipo redactor e posteriormente durante a tramitación do PXOM cando se debata.

Sr. Soliño Costas: expón que se debe cumprir o acordo plenario do ano 14 votado por unanimidade e recorda os condicionantes deste.

Sr. Abalo Costa: expón que se trasladará o documento do PXOM os diferentes grupos.

VOTACIÓN E ACORDO:

A favor: 7 (7 do Partido Popular).

Abstencións: 1 (1 do PSOE).

En contra: 10 (4 do BNG, 3 de ACE e 3 de ASPUN).

Ausente: 1 (Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría dos votos, acorda rexeitar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2334/2019. Moción grupo municipal PP s/ elaborar un plan de tráfico que regule o acceso a todo o termo municipal

Non hai acordo

Motivo: Falta de quórum

A Presidenta propón a retirada da orde do día da proposta presentada polo Partido Popular xa que non está presente o Alcalde, responsable da área de tráfico.

O Pleno por unanimidade dos membros presentes retira da orde do día este punto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da Alcaldía desde o 23 de marzo ao 21 de abril de 2019

Dase conta das resolucións.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

Dase conta dos informes.



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

O Sr. Soliño Costas pregunta se xa se coñece cando se van a devolver os cartos ás familias polo servizo de ludoteca.

A Presidenta sinala que se pasará por escrito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850